



PLAN DIXITAL

IES Sección de Sobradelo Carballada

Versión 1.0_ xuño 2022

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

IES Sección de Sobradelo-Carballeda: “Escola Técnica de Colocadores de Pizarra”
Candis s/n
ies.sobradelo.carballeda@edu.xunta.gal
<https://www.edu.xunta.gal/centros/iessobradelocarballeda/>

A oferta educativa neste IES e unha oferta parcial por módulos no ciclo de grado medio de Construción polo réxime de persoas adultas na modalidade presencial.

O alumnado do IES (22 alumnos máximo) pertence maioritariamente nos últimos anos á bisbarra de Valdeorras, notándose a súa diminución dos procedentes doutras comunidades autónomas.

O claustro do Centro está constituído por dous profesores da especialidade de Construcións Cívicas e Edificación. Estes dous profesores constitúen o Órgano de Goberno (Equipo Directivo) do Centro, desenvolvendo ao mesmo tempo as tarefas administrativas, e coa implicación activa dos diferentes aspectos da vida do Centro: Plan de convivencia escolar, actividades complementarias, normalización lingüística, actividades e proxectos propostos para mellorar a labor educativa, participación nas actividades de formación e actualizacións metodolóxicas e didácticas, etc.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O IES Sección de Sobradelo-Carballeda: “Escola Técnica de Colocadores de Pizarra”, está situado no val do Sil, en Sobradelo de Valdeorras, Concello de Carballeda de Valdeorras, limitando ao norte co mesmo río Sil, ao este co CPI Tomás Terrón Mendaña, cos límites do Concello de O Barco de Valdeorras ao leste, ao sur pola carretera N-536 .

Segundo os datos do IGE do ano 2020, o Concello de Carballeda de Valdeorras posúe unha baixa poboación, de 1.499 habitantes, dato que contrasta co número de empresas que acada 109 en total, das que 20 declaran ter en plantilla máis de 20 asalariados. Gran parte destas empresas (ao redor de 50) desenvolven a súa actividade vencelladas ao sector da lousa, de capital importancia na comarca, tanto no campo da extracción como no de elabora de produto e colocación en obra, o que aporta un grande valor engadido ao recurso que repercute directamente na economía de toda a bisbarra.

O Barco é a localidade máis próxima e dinámica da comarca de Valdeorras, conta cunha poboación duns 14.000 habitantes, pero a súa poboación flotante é moito maior. É o eixe vertebrador da vida da comarca valdeorresa. Proporciona traballo a unha gran parte da poboación, e atrae traballadores doutras zonas de Galicia, de España e tamén do estranxeiro.

Outros sectores relevantes a nivel socioeconómico son o da viticultura, construción e o sector servizos.

A contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23 consistirá na actualización dos obxectivos e medidas coa incorporación do uso das TIC no proceso de Ensino-Aprendizaxe coa actualización da páxina web do centro e a utilización da aula virtual nos distintos módulos formativos.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Contextualización normativa en relación co Plan Dixital do noso centro:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022*
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

1.4. Proceso de elaboración

Toda a organización e proceso de elaboración do PD foi realizada polos dous únicos profesores do centro que a su vez forman o equipo Directivo, realizando o SELFIE (animando ao alumnado a facelo), Test CDD, analizando os datos para facer o DAFO e así expor uns obxectivos iniciais.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O centro dispón de:

A infraestrutura dixital do centro está comprendida dentro do “Programa Escuelas Conectadas” cunha instalación de fibra dando unha conectividade de alta velocidade, as conexións de red se dinpoñen a través de cable e con sistema wifi distribuídos en taller e dúas aulas.

O equipamento dispoñible e de dous ordenadores en Dirección, dous en Secretaría máis un portátil do programa “Educa en Dixital”, un en biblioteca máis un portátil, e oito pc’s, un encerado dixital e un proxector en aulas. Tamén dispónse de unha impresora e unha multifunción en Secretaría.

Servizos dixitais educativos:

Páxina web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/iessobradelocarballada/>

Aula virtual: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iessobradelocarballada/aulavirtual/>

A xestión do mantemento do equipamento do centro faino o profesorado, e chegado o caso a través dun servizo externo.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.				2,6	
	Profesorado				3	
	Alumnado				-	
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.				3	
	Profesorado				2,5	
	Alumnado				3,4	
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.				3	
	Profesorado				3,4	
	Alumnado				3,3	
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.				4,3	
	Profesorado				3,8	
	Alumnado				-	
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.				3,8	
	Profesorado				3,1	
	Alumnado				2,6	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.				3,7	
	Profesorado				3	
	Alumnado				3	
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.				1,9	
	Profesorado				2,3	
	Alumnado				2,1	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.				4,3	
	Profesorado				3,8	
	Alumnado				3,5	

Test CDD:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO			
PROVISIONAL	<u>1</u>	<u>1</u>	<u>100 %</u>
INTERINO	<u>1</u>	<u>1</u>	<u>100 %</u>
SUBSTITUTO			
DESPRAZADO			

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<u>52,5</u>	<u>Explorador/a (A2)</u>	<u>76,4</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO				
BAC				
F.P	52,5	Explorador/a (A2)	80,3	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	2	100 %
B1		
B2		
C1		
C2		
TOTAL		

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	C1. A infraestrutura dixital apoia o ensino e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais. C3. Facílítase o acceso a internet para o ensino e a aprendizaxe. C5. Dispoñemos de asistencia técnica cando xorden problemas coas tecnoloxías dixitais. C8. No centro hai dispositivos dixitais que o alumnado pode utilizar.	C2. No noso centro hai poucos dispositivos dixitais e algúns obsoletos para utilizar no ensino. C7. No noso centro NON existen sistemas de protección de datos. Os datos xestionanse con XADE.
	PERSOAL DOCENTE	B2. Debatenos sobre as vantaxes e desvantaxes de utilizar a tecnoloxía dixital para o ensino e a aprendizaxe. D1. Equipo directivo e profesores reflexionan sobre necesidades de DPC relativo ao ensino con tecnoloxías dixitais. D2. O profesorado ten acceso a posibilidades de DPC no relativo ao ensino e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais. D3. No noso centro axúdase a intercambiar experiencias sobre ensino con tecnoloxías dixitais. D4. O profesorado ten posibilidades de DPC centradas en tecnoloxías dixitais específicas para as materias que imparte. E1. O profesorado busca recursos educativos dixitais na internet. E2. O profesorado crea recursos dixitais para	B1. No noso centro NON avaliamos os nosos progresos en materia de ensino e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais B3. NON utilizamos tecnoloxías dixitais ao colaborar con outras organizacións. E3. O profesorado NON utiliza contornas virtuais de aprendizaxe en liña. F3. O profesorado NON utiliza tecnoloxías dixitais para fomentar a creatividade do alumnado. F5. O profesorado NON utiliza tecnoloxías dixitais para facilitar a colaboración entre o alumnado. F6. O profesorado NON fomenta a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares utilizando tecnoloxías dixitais. G1. O profesorado NON utiliza tecnoloxías

		<p>reforzar o método de ensino.</p> <p>E4. O profesorado utiliza tecnoloxías dixitais para a comunicación relativa ao centro educativo.</p> <p>F1. O profesorado utiliza tecnoloxías dixitais para adaptar o método de ensino ás necesidades individuais do alumnado.</p> <p>F4. O profesorado realiza actividades de aprendizaxe dixitais que implican ao alumnado.</p>	<p>dixitais para avaliar as habilidades do alumnado.</p> <p>G3. O profesorado NON utiliza tecnoloxías dixitais para facilitar retroalimentación adecuada ao alumnado.</p> <p>G5. O profesorado NON utiliza tecnoloxías dixitais para que o alumnado reflexione sobre a súa aprendizaxe.</p> <p>G6. O profesorado NON utiliza tecnoloxías dixitais para que o alumnado poida realizar observacións sobre o traballo dos seus compañeiros.</p>
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	<p>C8. No centro hai dispositivos dixitais que o alumnado pode utilizar.</p> <p>H1. No noso centro o alumnado aprende a actuar de maneira segura na internet.</p> <p>H3. No noso centro o alumnado aprende a actuar de maneira responsable na internet.</p> <p>H4. No noso centro o alumnado aprende a comprobar se a información que atopa na internet é fiable e precisa.</p> <p>H6. No noso centro o alumnado aprende a dar crédito ao traballo doutras persoas que atopou na internet.</p> <p>H8. No noso centro o alumnado aprende a comunicarse utilizando tecnoloxías dixitais.</p>	<p>C17. NON hai base de datos de provedores de FCT.</p> <p>H7. No noso centro o alumnado NON aprende a crear contidos dixitais.</p>
	FAMILIAS		
	OFERTA		<p>A6. As empresas coas que colaboramos NON participan no desenvolvemento da estratexia dixital.</p> <p>B3. NON utilizamos tecnoloxías dixitais ao colaborar con outras organizacións</p> <p>C17. NON hai base de datos de provedores de FCT.</p>
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<p>A2. O equipo directivo e o profesorado están involucrados no desenvolvemento da estratexia dixital do centro.</p> <p>A3. O profesorado ten o apoio do equipo directivo para probar novas formas de ensino con tecnoloxía dixital.</p>	<p>A1. No noso centro NON contamos cunha estratexia dixital.</p> <p>A6. As empresas coas que colaboramos NON participan no desenvolvemento da estratexia dixital.</p> <p>B1. No noso centro NON avaliamos os nosos progresos en materia de ensino e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.</p>

		EXTERNOS	OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA			
	LEXISLACIÓN			C7. No noso centro NON existen sistemas de protección de datos. Os datos xestionanse con XADE.
	CONTORNA			
	ANPA			A6. As empresas coas que colaboramos

			NON participan no desenvolvemento da estratexia dixital. B3. NON utilizamos tecnoloxías dixitais ao colaborar con outras organizacións C17. NON hai base de datos de provedores de FCT.
	OUTRAS ENTIDADES	C1. A infraestrutura dixital apoia o ensino e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais	A6. As empresas coas que colaboramos NON participan no desenvolvemento da estratexia dixital. B3. NON utilizamos tecnoloxías dixitais ao colaborar con outras organizacións C17. NON hai base de datos de provedores de FCT.

3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción ten en conta os recursos materiais e humanos no momento da elaboración deste Plan Dixital.

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Establecer áreas prioritarias e determinar os obxectivos (que teñen que ser específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados a un marco temporal) que queremos conseguir. Os obxectivos estarán contextualizados a áreas de mellora en relación coas do marco DigCompOrg.

Os obxectivos iniciais son:

*ANALIZAR AS NECESIDADES DO CENTRO RELACIONADAS COAS TIC
INCORPORAR O USO DAS TIC NO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE*

Para cada obxectivo cumprimentarase unha táboa que recolle esta información. A mesma táboa empregarase para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan. (as táboas dos obxectivos iniciais están a continuación).

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Inicialmente as necesidades de mellora son de equipamento xa que o 50% dos equipos (CPU e pantallas) están obsoletos, e no caso de cubrir toda as prazas ofertadas o número de ordenadores sería insuficiente.

PLAN DE ACCIÓN DO IES SECCIÓN DE SOBRADELO CARBALLEDA

Área/s de mellora:						
OBXECTIVO 1: (1)	ANALIZAR AS NECESIDADES DO CENTRO RELACIONADAS COAS TIC				Acadado	
Responsable:	Dirección				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)	01a- número de equipos inventariados do centro, 01b- Operacións de gasto realizadas para adecuación do equipamento TIC do centro, 01c- Tramitación de solicitudes de equipamento TIC aos órganos competentes.					
Valor de partida: (3)	0%					
Valor previsto e data: (4)	01a- 100% dos equipos de aulas, secretaría e dirección, 01b- 100% das operacións previstas. 01c- 100% das solicitudes.			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Desenvolvemento dun espazo formativo para analizar as aportacións das TIC ao centro	Dirección	30/09/2022	Espazo para reunións do profesorado		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Actualizar inventario do equipamento dixital e análise das súas prestacións	Dirección	30/10/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Realizar un plan de adecuación do equipamento dixital do centro	Dirección	30/06/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora:							
OBXECTIVO 2: (1)	INCORPORAR O USO DAS TIC NO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE					Acadado	
Responsable:	Dirección					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)	02a- Módulos que utilizarán unha contorna dixital de aprendizaxe 02b- porcentaxe de actividades realizadas nos módulos que empregan ferramentas dixitais						
Valor de partida: (3)	0%						
Valor previsto e data: (4)	02a- 50% dos módulos ofertados, 02b- 25% das actividades propostas				30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
AO3.1: Actividades formativas do profesorado para o emprego das ferramentas TIC	Dirección	30/12/2022			Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO3.2: Actividades formativas do alumnado para o emprego das ferramentas TIC	Dirección	30/12/2023			Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO3.3: Configuración dos módulos incorporando as actividades co emprego das ferramentas TIC	Profesorado	30/06/2023			Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

Axuda para completar as táboas:

(1) Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART” que sexan:

- a. **Específicos (Specific)**, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como.
- b. **Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado.
- c. **Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero posibles;
- d. **Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa.
- e. **Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaríanos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** o **Non acadado**).

- (2) INDICADORES: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e respostar a escalas numéricas.
- (3) VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) da situación inicial do centro
- (4) VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar cunha **data** límite para acadalo.

ACCIONES A DESARROLLAR:

- (5) DESCRIPCIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (6) RESPONSABLES:** Son as persoas implicadas e responsables de cada acción.
- (7) DATA PREVISTA FIN :** Data concreta na que se espera finalizaría a acción completamente.
- (8) RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas orzamento,...)
- (9) VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) ESTADO:** Utilizar esta mesma táboa para reflectir de xeito rápido na avaliación do Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento.
- (11) VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (12) ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos:

- *No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será dunha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.*
- *No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será dunha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.*

5. Difusión do plan

A publicidade e difusión do plan dixital entre toda a comunidade educativa farase a través da páxina web do centro.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iessobradelocarballada/>